

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2020 e sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de decembro de 2020**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 17 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 14 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se dá publicidade ao convenio asinado entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para articular a

encomenda de xestión á Xunta de Galicia para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 257, do 23 de decembro de 2020).

- Resolución do 15 de decembro de 2020, da Subsecretaría, Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, pola que se publica a Resolución de 2 de decembro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se modifica a de 17 de febreiro de 2020, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre xestión do Padrón municipal. (Boletín Oficial do Estado número 337, do 26 de decembro de 2020).

- Resolución do 15 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se publican as entidades beneficiarias das subvencións concedidas en virtude da Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2020 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre co nome da actuación "Campaña de conservación da fauna e flora do concello de Cambre", cun importe elixible de 8.339,20 euros. (Diario Oficial de Galicia número 259, do 28 de decembro de 2020).

### 3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 18 ao 22 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos e Seguridade Cidadá número 1988/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude número 2049/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1988/2020	18-12-2020	Tramitación de Decretos - 99500000021416 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
1989/2020	18-12-2020	Corrección de erros de Resolución
1990/2020	18-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de decembro de 2020
1991/2020	18-12-2020	Aprobación xestión padroal do mes de xullo 2020
1992/2020	18-12-2020	Concesión axuda aluguer a D.R.V.V. por importe de 560 euros
1993/2020	18-12-2020	Concesión axuda aluguer a M.T.V.L. por importe de 475 euros
1994/2020	18-12-2020	Concesión axuda para catro recibos de gas por importe total de 172,13 euros e para once recibos de luz por importe total de 407,09 euros a S.B.B.
1995/2020	18-12-2020	Desestimento tarxeta estacionamento de J.A.R.G.
1996/2020	18-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.C.C.C. durante un periodo máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1997/2020	18-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a J.M.R.C. durante un periodo máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1998/2020	18-12-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.C.G.A. por superar a cantidade da axuda nun ano por unidade familiar beneficiaria establecida no artigo 4.
1999/2020	18-12-2020	Denegación axuda emerxencia social alimentación a J.R.S.C. por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade.
2000/2020	18-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a I.C.C.C. durante un periodo máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
2001/2020	18-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a R.M.R.A. por un periodo máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación
2006/2020	18-12-2020	Admitidos programa "Xogando no Nadal 2020"
2007/2020	18-12-2020	Aprobación nómina do mes de decembro de 2020
2015/2020	18-12-2020	Fabricación de vitrina expositora para o museo de Cambre
2002/2020	21-12-2020	Licenza primeira ocupación de vivenda Estorrentada, Cambre propiedade de RGN
2003/2020	21-12-2020	Reposición legalidade urbanística por colocación de maceteros invadindo a vía pública en rúa Drozo, Cambre. Propiedade: JVR e ES C
2004/2020	21-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas á nave sita na rúa Isaac Peral, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre. Solicitante: T de E, S.A.
2005/2020	21-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na finca sita en Anceis, Anceis. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2008/2020	21-12-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
2009/2020	21-12-2020	Concesión axuda aluguer por importe de 380 euros. Solicitante: MT
2010/2020	21-12-2020	Denegación tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade, por non presentar a documentación requirida no prazo establecido. Solicitante: AAM
2011/2020	21-12-2020	Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente do cuarto trimestre de 2019 ao terceiro trimestre de 2020
2012/2020	21-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora). Solicitante: RMBJ
2013/2020	21-12-2020	Contrato Menor para a prestación do servizo de levantamento topográfico necesario para a redacción dos proxectos a incluír no POS 2020
2014/2020	21-12-2020	Contrato Menor mediante sistema de vale pedido para a asistencia técnica para redacción do proxecto básico e de execución de remodelación e conexión do acceso exterior ao Concello de Cambre
2016/2020	21-12-2020	Corrección erros Resolución nº 2015/2020, de data 21 de decembro de 2020, Avocación de competencias e adxudicación C.M. mediante o sistema de vale pedido a José Manuel Ramos Pardo. Expediente:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		2020/C002/000235
2017/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para a substitución dun poste existente en Sobrecarreira, Sigrás. Solicitante: TdeE, S.A.
2018/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para a instalación de tres postes de madeira para proporcionar servizo telefónico á vivenda unifamiliar sita na Mota, Cecebre. Solicitante: TdeE, S.A.
2019/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para a reparación da acometida de gas natural canalizado existente na rúa Arrigada, Cambre. Solicitante: NG, S.A.
2020/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na Igrexa, Cela. Solicitante: UFD D E, S.A.
2021/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para a substitución dun apoio en Peirao, Bribes. Solicitante: UFD, DE, S.A.
2022/2020	22-12-2020	RCU pola que se concede a UFD Distribución Electricidad, S.A., licenza municipal para executar unha canalización para aumentar a potencia da subministración de enerxía eléctrica da vivenda unifamiliar sita no lugar de Coruxos, 9, Meixigo
2023/2020	22-12-2020	RCU pola que se concede a UFD Distribución Electricidad, S.A., licenza municipal para executar unha acometida eléctrica para a antena de telefonía sita na rúa Isaac Peral, 31, polígono industrial de Espírito Santo, Cecebre
2024/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para a substitución dun poste en Sobrecarreira, Sigrás. Solicitante: TdeE, S.A.
2025/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar una acometida eléctrica para a vivenda unifamiliar sita en Quintán, Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A.
2026/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización para o aumento da potencia da subministración de enerxía eléctrica proporcionada á vivenda unifamiliar sita en Souto, 7, Cela. Solicitante: UFD DE, S.A.
2027/2020	22-12-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica para a vivenda unifamiliar sita na Xira, Sigrás. Solicitante: UFD DE, S.A.
2028/2020	22-12-2020	Denegar a licenza municipal solicitada para executar unha acometida eléctrica para usos terciarios na finca sita no Corgo, Brexo. Solicitante: UFD DE, S.A.
2029/2020	22-12-2020	Renuncia da licenza de segregacion da parcela sita no poligono industrial "espíritu santo" - Cecebre promovida por general de terrenos y edificios
2030/2020	22-12-2020	Licenza para construción de nave industrial destinada a almacén frigorífico en rúa Isaac Peral, Cecebre
2031/2020	22-12-2020	Licenza para a reforma da vivenda sita en Coido, Brexo. exp. 01/16/69
2032/2020	22-12-2020	Renuncia da licenza de segregacion nº 2017/u018/21, exceptuando a parcela de cesion. Solicitante: JJPM
2033/2020	22-12-2020	Admisión a trámite da reclamación por caída no Campo da feira, diante da Casa do Concello o día o día 15 de outubro de 2019, sobre as 10:00 H.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2034/2020	22-12-2020	Desistencia da reclamación indemnización por danos ocasionados en vehículo alugado á empresa WMULLER SPANIEN SL por importe de 697,18
2035/2020	22-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 123.846,29 euros
2036/2020	22-12-2020	Aprobacion de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 54.116,81 euros
2037/2020	22-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a YSEL por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
2038/2020	22-12-2020	Concesión tarxeta estacionamento a persoas con discapacidade a OSA
2039/2020	22-12-2020	Concesión axuda lentes correctoras a SVM por importe de 75 euros
2040/2020	22-12-2020	Concesión tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a MVM
2041/2020	22-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a NCC durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto. (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
2042/2020	22-12-2020	Numeración de vivenda a solicitude de RGN
2043/2020	22-12-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 19/2020. Gastos de educación
2044/2020	22-12-2020	Aprobacion de facturas por importe de 135.111,96 euros
2045/2020	22-12-2020	Remisión expediente procedemento abreviado 176/2020-c
2046/2020	22-12-2020	Concesión de subvencións ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas - Programa Consolida Cambre 2020 III
2047/2020	22-12-2020	Expedientes sancionadores de tráfico
2048/2020	22-12-2020	Concesión de subvencións ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas municipais á creación de empresas - Programa Consolida Cambre 2020 IV
2049/2020	22-12-2020	Corrección erro Resolución nº 1945/2020 de data 14 de decembro

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación do contrato para a subministración de equipamento deportivo para as distintas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre, á Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L. no prezo ofertado de 8.731,25 € sen IVE, 10.564,81 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000181
- Proposta de adjudicación do contrato para a Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, e para ampliación das prestacións de equipos existentes, a Evelb Técnicas y Sistemas, S.L no prezo ofertado de 13.988,18 € sen IVE, 16.925,70 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000152
- Prórroga á anualidade 2021 do contrato para a suscripción dunha "Póliza de seguros de accidentes de participantes nas actividades municipais organizadas polo Concello de Cambre". Expediente: 2019/C006/000004

- Prórroga á anualidade 2021 do contrato para a suscripción dunha “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre.” Expediente: 2019/C006/000005

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adxudicación do contrato para a subministración de equipamento deportivo para as distintas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre, á Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L. no prezo ofertado de 8.731,25 € sen IVE, 10.564,81 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000181**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 13/10/2020 elaborouse polo coordinador de Deportes municipal, don José Amando Pena Vila, unha memoria valorada para a subministración de diverso equipamento deportivo , cuio destino inicial se atopaba previsto para o pavillón municipal cuberto de Anceis, cun orzamento de 10.330,60 € sen IVE, 12.500,00 € IVE incluído.

Con data 14/10/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de Educación e Cultura municipal, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado nas competencias municipais en promoción do deporte e instalacións deportivas segundo o artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, e no establecido na Lei 3/2012 do deporte de Galicia, no seu artigo 8, que especifica as seguintes competencias para os municipios no seu ámbito territorial: “3. *Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, de ser o caso, a xestión e o mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e cuxa xestión lles sexan cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades. 4. Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade*”. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 21/10/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342. 62500, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 3/11/2020 emítese informe asinado polo coordinador de Deportes municipal coa conformidade do coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Suministros Técnicos Deportivos, S.L.
- Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.
- Manu Sports Cambre, S.L.
- Todo Deporte, S.L.

Consta no expediente que se presentaron dúas ofertas, polas empresas “Suministros Técnicos Deportivos, S.L.U.” e “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.”, se ben a primeira delas retirou a súa oferta, formulándose proposta de adxudicación á entidade Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L., con CIF B156\*\*\*\* e domicilio na

rúa Javier Fonte 1 baixo L – 15001 A Coruña, no prezo ofertado de 8.731,25 € sen IVE, 10.564,81 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 23 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 463/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de decembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Cellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, contempladas no artigo 25.2.I) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada para a subministración de equipamento deportivo elaborada con data do 13/10/2020 (e posteriormente modificada con data do 21/12/2020 respecto á distribución do material), polo coordinador de Deportes municipal don José Amando Pena Vila, cun orzamento de 10.330,60 € sen IVE, 12.500,00 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342. 62500.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000181, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para a subministración de equipamento deportivo para as distintas instalacións deportivas municipais do Concello de Cambre á empresa Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L., con CIF B156\*\*\*\* e domicilio en rúa Javier Fonte 1 baixo L – 15001 A Coruña, no prezo ofertado de 8.731,25 € sen IVE, 10.564,81 € IVE incluído, por ser a única empresa que fixo oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como responsable do contrato ao coordinador de Deportes municipal don José A. Pena Vila, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese ao coordinador de Deportes municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adjudicación do contrato para a Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, e para ampliación das prestacións de equipos existentes, a Evelb Técnicas y Sistemas, S.L no prezo ofertado de 13.988,18 € sen IVE, 16.925,70 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000152**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 28 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 6 de novembro de 2020, posteriormente complementada con data do 9 de novembro seguinte para identificación dos departamentos de destino, elabóranse polo administrador do Sistema Informático municipal, don Manuel Paz Vázquez, os documentos denominados "MEMORIA: SUMINISTRO DE CPUS + MONITORES + DISCOS SDD+ MEMORIA etc", para a "Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, ampliación das prestacións de equipos existentes", cun orzamento total de 14.969,00 € sen IVE, 18.112,49 € IVE incluído.

Con data 9/11/2020 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo administrador do Sistema Informático municipal e polo Alcalde (xa que segundo o disposto na resolución número 1323/2019 do 1 de xullo, quedan reservadas á área de Alcaldía as materias relativas a informática), na que se incorpora a relación de empresas a invitar, cun orzamento base de licitación de 14.969,00 € sen IVE, 18.112,49 € IVE incluído, e se motiva na necesidade de modernizar os equipos informáticos para por a disposición dos empregados municipais e membros da Corporación os medios técnicos necesarios e axeitados, en canto a súa capacidade, para o emprego do software de xestión dos expedientes administrativos (TEDEC, SICALWIN, AUTOCAD, certificado dixitais ...), e tendo en conta que, contratar esta subministración para un espazo temporal superior a un ano, dada a constante evolución e innovación dos programas e equipos a empregar, podería producir a obsolescencia dos mesmos antes do seu emprego. Na proposta-informe de necesidade faise constar



que coa adquisición destes equipos quedan cubertas previsiblemente as necesidades deste tipo de material para un ano.

Con data 19/11/2020 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente nas aplicacións orzamentarias 334 62600 (equipos informáticos Promoción Cultural), 231 62600 (equipos informáticos Asistencia Social Primaria), 920 62600 (equipos informáticos Admon. Xeral), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 10/12/2020 emítase informe asinado polo administrador informático municipal, no que consta que foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- Grupo Digalco, SL
- Servicios Informáticos Sistemas Automáticos, S.L.
- Tesgal Technologies, S.L.
- VSM Sistemas Coruña, S.A.
- Ecotisa Una Tinta de Impresión, S.L.U.
- Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.

e que, finalizado o prazo de presentación de ofertas, ás 23:59 horas do día 2 de decembro de 2020, presentaron oferta as seguintes empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Servicios Informáticos Sistemas Automáticos, S.L.	14.905,00 €	18.035,05 €
Evelb Técnicas y Sistemas, S.L.	13.988,18 €	16.925,70 €

Consta que a entidade Grupo Digalco, SL presentou a súa oferta o 3 de decembro de 2020 ás 12:17 horas, con número de entrada no rexistro municipal 202099900004841, por tanto, fóra do prazo de presentación de ofertas que figura na invitación a participar remitida a todas as empresas.

No informe de data 10/12/2020 o administrador do sistema informático formula proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á "Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, e para ampliación das prestacións de equipos existentes", á empresa Evelb Técnicas y Sistemas, S.L. con NIF B702\*\*\*\* e domicilio en rúa Hedras 6, loft O-C Milladoiro – 15895 Ames (A Coruña), no prezo ofertado de 13.988,18 € sen IVE, 16.925,70 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 18 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 462/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 28 de decembro de 2020.

Visto o informe emitido polo administrador do Sistema Informático municipal con data 28 de decembro de 2020, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 2072/2020 de data 28/12/2020, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para a xestión dos intereses e no exercicio das competencias propias do Concello, segundo establece o artigo 25.1. da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada para a “Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, e para ampliación das prestacións de equipos existentes” con data do 6/11/2020 polo administrador do Sistema Informático municipal don Manuel Paz Vázquez, cun orzamento de 14.969,00 € sen IVE, 18.112,49 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 334 62600 (equipos informáticos Promoción Cultural), 231 62600 (equipos informáticos Asistencia Social Primaria), 920 62600 (equipos informáticos Admon. Xeral).

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000152, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Inadmitir á entidade Grupo Digalco, S.L., por presentar a súa oferta fóra do prazo de presentación de ofertas establecido no presente expediente.

**Quinto:** Adxudicar o contrato para a “Adquisición de material informático para substitución en caso de avaría ou por antigüidade, e para ampliación das prestacións de equipos existentes” á empresa Evelb Técnicas y Sistemas, S.L. con NIF B702\*\*\*\*\* e domicilio en rúa Hedras 6, loft O-C Milladoiro – 15895 Ames (A Coruña), no prezo ofertado de 13.988,18 € sen IVE, 16.925,70 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

**Sexto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sétimo:** Designar como responsable do contrato ao administrador do Sistema Informático municipal don Manuel Paz Vázquez, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Oitavo:** Notifíquese ao administrador do Sistema Informático municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Prórroga á anualidade 2021 do contrato para a suscripción dunha “Póliza de seguros de accidentes de participantes nas actividades municipais organizadas polo Concello de Cambre”. Expediente: 2019/C006/000004**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C006/000004, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezoito de febreiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros” a contratación dunha “Póliza de seguros de accidentes para participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre” asinándose o correspondente contrato coa entidade con data do 28/02/2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo previsto de duración de un ano dende a efectividade da póliza, que terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2020 ata as 24:00 horas do día 28/2/2021 incluídos, puidendo prorrogarse nas mesmas condicións ata outro ano máis, logo do acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que o contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata dous anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/03/2020 ata as 24:00 horas do 28/02/2022).

Visto o escrito presentado con data do 2 de outubro de 2020 e rexistro de entrada ao número 202099900003235, por dona Olga Robla Rozas, en representación da entidade ARTAI- Correduría de Seguros S.A, entidade mediadora do Concello de Cambre, no que se solicita a prórroga do contrato para o ano 2021, e achega informe emitido o 1/10/2020 polo director da citada correduría, don Juan Manuel Sánchez-Albornoz Gómez, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 06 de outubro de 2020 polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal , don Jose Luis Martínez Názara, no que consta que o obxecto do contrato cumpríuse satisfactoriamente polo adxudicatario , polo que dá a súa conformidade para que o contrato sexa prorrogado por un ano máis, así como o informe favorable emitido con data 19 de outubro de 2020 pola coordinadora de servizos sociais municipal , dona Ana M<sup>a</sup> Monje Barcia, no que consta o alto grao de satisfacción na execución do contrato, polo que propón prorrogalo por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 1/12/2020, e mailo informe emitido pola Intervención Municipal con data do 26/12/2020.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014) .

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Prorrogar por un ano, desde as 00:00 horas do día 01/03/2021 ata as 24:00 horas do 28/02/2022 incluídos, e nos seus mesmos termos, o contrato suscrito coa entidade “Generali España S.A. de Seguros y Reaseguros”, con NIF A2800---- e domicilio social en Rúa Ourense, nº2, C.P. 28020, Madrid para a suscripción dunha “Póliza de seguros de accidentes para participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre” (Expediente: 2019/C006/000004)

**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro :** Notificar aos departamentos municipais de Cultura e Deportes, Servizos sociais, Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## D) Prórroga á anualidade 2021 do contrato para a suscripción dunha “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre.” Expediente: 2019/C006/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 29 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C006/000005, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día dezaioito de febreiro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo no que se adxudica á entidade “MGS Seguros y Reaseguros S.A.” a contratación dunha “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre”, asinándose o correspondente contrato coa entidade con data do 01/03/2020.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, o prazo de duración do contrato é de un ano dende a efectividade da póliza, que terá efectos dende as 00:00 horas do día 01/03/2020 ata as 24:00 horas do día 28/2/2021 incluídos, podendo prorrogarse por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata dous anos máis, previo acordo do órgano de contratación adoptado con dous meses de antelación á finalización da vixencia anterior, polo que el contrato poderá chegar a ter unha duración total de ata tres anos incluídas as prórrogas (dende as 00:00 horas do 01/03/2020 ata as 24:00 horas do 28/02/2023).

Visto o escrito presentado con data do 2 de outubro de 2020 e rexistro de entrada ao número 202099900003235, por dona Olga Robla Rozas, en representación da entidade ARTAI- Correduría de Seguros S.A, entidade mediadora co concello de Cambre, no que se solicita a prórroga do contrato para o ano 2021, e achega informe emitido o 1/10/2020 polo director da citada correduría, don Juan Manuel Sánchez-Albornoz Gómez, no que se solicita a prórroga coas mesmas condicións de coberturas e límites e co mesmo prezo da anualidade completa anterior.

Visto o informe favorable emitido con data 21 de outubro de 2020 polo xefe da Unidade de Rexime Interior en funcións, no que consta que o adxudicatario cumpriu co seu traballo de maneira satisfactoria, polo que non existe ningún inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Tendo en conta o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral de data 1/12/2020, e mailo informe emitido pola Intervención Municipal con data do 26/12/2020.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do Anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público (pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014).

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Prorrogar por un ano, desde as 00:00 horas do día 01/03/2021 ata as 24:00 horas do 28/02/2022 incluídos, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito coa entidade “MGS Seguros y Reaseguros SA”, con NIF A0817---- e domicilio social na Rúa Paseo María Agustín nº 4, 50004 Zaragoza, con delegación en Rúa Alameda, nº 12 baixo, C.P. 36001, Pontevedra) para a suscripción dunha “Póliza de seguros de flota de vehículos e máquinas do Concello de Cambre.”(Expediente 2019/C006/000005)



**Segundo:** Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro :** Notificar aos departamentos municipais de Rexime interior, e Intervención, e á técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia